

## A PINTURA Ó FINAL DA IDADE MEDIA: GIOTTO E VAN EYCK.

### A PINTURA GÓTICA: INTRODUCCIÓN.

A pintura gótica vai a ofrecer importantes novidades co mundo anterior, **non existindo apenas pintura mural** (a excepción de Italia), **separándose pois a arquitectura da pintura.**

A causa principal deste cambio débese a **sustitución do muro pola vidreira**, desenvolvéndose outros procedimentos como a pintura de táboa, que dará lugar a pintura de cabaleta no s.XVI, e a pintura de altares que posibilita o nacemento do retablo, típicamente gótico. **Aparecen novas técnicas pictóricas** como o temple sobre táboa ou a pintura ó óleo sobre lienzo.

As esixencias da nova clase dominante burguesa, suponen un cambio na concepción da arte, máis naturalista e cercano ó pobo, e menos “*visionario*” en relación co racionalismo capitalista burgués, buscando ante todo a “*humanización do divino*”.

A pesar destes cambios, **a Igrexa e a relixión cos seus símbolos e alegorías segue estando presente no mundo da arte, destacando os temas relacionados coa vida de Cristo e da Virxe**, tomados do Novo Testamento ou dos “falsos” Evanxelos Apócrifos.

**As novas imaxes de Cristo e de María perden o seu carácter impersonal** e convírtense en personaxes accesibles á devoción persoal. **Outro tema importante son as vidas dos santos**, que aparecen sobre todo nos retablos das igrexas adicadas a eles; **estes retablos** que aparecen sobre todo nas capelas laterais, **adoitan ser doazóns de particulares** que compraban a capela, mostrando unha vez máis a **importancia da burguesía baixomedieval incluso na arte relixiosa.**

Outros xéneros importantes que mostran a expansión do individualismo burgués no mundo artístico-pictórico son o retrato e a pintura profana.

En canto ó estilo pictórico, hai que destacar o gusto polo detallismo e a anécdota, cunha técnica de gran minuciosidade facilitada polo uso do temple (pinces moi finos sobre un aglutinante de ovo e cola), que produce cores brillantes que non perden vivacidade ó secarse, rompendo así cos fondos neutros e abstractos do románico.

Cónseguese ademáis a creación dun espazo real, natural, mediante a utilización de dúas técnicas: a perspectiva e o claroscuro.

O ideal de beleza abstracta, teolóxica e a execución planista e decorativa da pintura bizantina e románica, abandónase por unha beleza naturalista e veraz, sintetizando cor e dibuxo e valorando os volumes, sen esquecer nunca a creación dun escenario enmarcando as historias (fondo arquitectónico ou paisaxístico).

### A PINTURA ITALIANA DO TRECENTO (S.XIV).

**Dentro das escolas pictóricas da nova linguaxe artística gótica, hai que destacar as de Italia e as dos Países Baixos** (“os primitivos flamencos”). En Italia, aparecen nos primeiros anos do s.XIV, dúas escolas na rexión da Toscana, que constitúen o antecedente directo do Renacemento: a escola florentina e a escola de Siena.

A escola florentina, ten como máxima figura a **Giotto**, considerado o pai da pintura moderna pola súa extraordinaria e profética linguaxe pictórica **que tanto influirá no primeiro renacemento (Cuattrocento), e que rompe definitivamente co estilo bizantino**, cheo de convencionalismos e baseado no hieratismo e na abstracción.

Giotto, traballa sobre todo en Florencia, pero tamén en Roma, Rávena, Nápoles e Padua (nesta última realiza as súas obras máis importantes). É un artista que **rompe co carácter lineal e esquemático da pintura anterior**, tentando conseguir unha **linguaxe plástica, a través da luz, da cor e do debuxo**, inspirado na realidade, **con figuras de volumen pleno**, resaltando as súas formas anatómicas a través das teas que se adhíren ó corpo, caíndo en amplos pregados.

Preocúpase moito da **creación dun ambiente**, dun espazo unitario e pechado **onde se moven as figuras a través da perspectiva lineal**; non obstante **este ambiente ou paisaxe natural é aínda moi simple** (un pedazo de ceo, unhas árbores, unhas rochas....), recordando a arte bizantina. Giotto é o gran investigador das formas e da composición, conseguindo a **humanización das figuras a través da plasmación dos seus sentimentos** como o valor da mirada (ollos rasgados) ou a **interrelación das figuras máis importantes buscando a intensidade emocional**.

É un gran debuxante, que **utiliza a luz como un elemento que da unidade a todo o conxunto** convertindo un relato relixioso nunha situación verosímil.

Unha das súas obras máis importantes é *“a decoración da capela dos Scrovegni”*, en Padua (1304-12), onde pinta varios frescos con temas do Novo Testamento, como o da Pasión de Cristo, destacando dúas escenas, *“o pranto ante Cristo morto”* e *“o bico de Xudas”*.

*“O pranto ante Cristo morto”*, é unha das súas mellores pinturas, na que crea un **efecto dramático a través da teatralidade dos xestos e a postura dos corpos das figuras humanas e dos anxos en arriscados escorzos**, marcando todos eles a liña de atención visual cara o corpo de Xesús intensificada aínda máis pola diagonal da paisaxe rochosa que apunta cara a súa cabeza. A figura de Cristo é pois o eixe central da composición, aínda que sen olvidar a importancia da paisaxe e o espazo, pero é unha paisaxe sinxela e empequeneda.

**A figura triunfa sobre o marco, e a pesar dos rostros uniformes das figuras conséguese unha gran tensión emocional** a través das diferentes actitudes das mesmas. As figuras posúen unha mirada penetrante a través dos seus ollos rasgados.

**As figuras son pesadas, de gran volumen**, sobre todo as colocadas de lombo nun primeiro plano que serven de referencia ó espectador. **A luz é un elemento que da unidade ó cadro**; asimesmo **valóranse os vacíos e os diferentes planos nos que se desenvolven as figuras, rematando co aliñamento medieval**.

*“O bico de Xudas”*, é unha escena na que se observa certo desorden ou confusión a través da contraposición entre as figuras estáticas dos personaxes e as machadas inclinadas de forma oposta na parte superior, creando unha atmósfera dramática que dinamiza os rostros e as solemnes siluetas.

O volume crease novamente a través das figuras de lombo ou de lado, intuindo certa profundidade espacial, aínda que **o fondo aparece como un telón, cun ceo azul plano, insistindo no papel unificador da luz**, no xogo entre espazos cheos e vacíos e o carácter penetrante das miradas a través do cuidado resalte dos ollos.

**A escola sienesa**, é máis lírica e emocional que a florentina, con gran delicadeza e elegancia das formas, fusionando a tradición bizantina e a nova linguaxe de Giotto.

### **A PINTURA DOS PAISES BAIXOS: A ESCOLA FLAMENCA.**

No s.XV, algunhas cidades de Flandes convírtense na sede dunha extraordinaria escola pictórica, resultado da **importancia dunha poderosa burguesía comerciante, téxtil e financeira**, que foi adquirindo unha grande prosperidade desde o s.XIII, e que se constitúe en clientela dunha serie de pintores denominados "*primitivos flamencos*", aproveitando ese esplendor económico.

A escola pictórica flamenca presenta as seguintes características:

- Pintura descritiva e de gran realismo, con obras de pequeno tamaño moi apropiadas para adornar fogares ou palacios, mo do gusto burgués.

- Gran minuciosidade e espírito de observación, recreándose os pintores na representación de detalles anecdóticos con gran exactitude e unha técnica casi caligráfica que obriga a ver os cadros moi de preto para distinguir algún dos obxectos.

- Introducción de novas técnicas como o óleo, utilizando unha especie de plumiña finísima que permite ese detallismo de formas en espazos reducidos. Ademais o óleo otorga un gran brillo ás cores na pintura de tabla.

- Nos cadros relixiosos cobran grande importancia os trípticos (tres taboas), unidos por bisagras, que substitúen ós retablos góticos.

- O naturalismo, incluso no tema relixioso, busca a representación veraz da realidade esquecendo todo elemento visionario. Surxe o amor e gusto pola paisaxe, que serve de marco natural as escenas, representando montañas, ríos, prados, camiños que se alonxan..., incluso no interior dunha habitación a través dunha porta o unha ventá.

- A reproducción de obxectos é unha constante, sobre todo pequenas cousas que enchen a vida cotiá (mesas, espellos, telas...), rompendo coa unidade visual da pintura italiana.

- Florecemento do retrato, buscando os burgueses que encargan as obras unha imaxe real da súa persoa.

En definitiva, a pintura flamenca é precursora da pintura renacentista sobre todo en valores como o manexo das luces, a pasión pola paisaxe e o perfeccionamento da técnica do óleo, que permite un efecto de profundidade do que carece o temple, captando o aire, a luz e as sombras. Aínda así as figuras estáticas dispostas case sempre frontalmente cara ó espectador e con escasa relación entre elas, predominando os detalles e as partes sobre o conxunto, sitúannos aínda na última etapa da arte gótica.

**Jan van Eyck**, nado en 1390 en Limburgo, berce da miniatura gótica, é xunto ó seu irmán un dos iniciadores da escola flamenca e un perfeccionador da técnica do óleo, cunha pintura preciosista grazas a súa formación como miniaturista.

Precisamente xunto ó seu irmán Hubert, realiza unha das súas primeiras obras de tipo relixioso, "*a Adoración do cordeiro místico*", taboa enorme de altar que decora unha capela da catedral de Gante. É unha obra teolóxica pero dentro dunha **nova linguaxe humanista e un carácter naturalista**, cunha rica paisaxe onde xa aparecen claramente algunhas das súas características de estilo.

En principio establécese na Haia e posteriormente en 1425 en Bruxas, onde desenvolve todo o seu talento pictórico a través de dúas obras exemplares:

"*O Matrimonio Arnolfini*", de 1434, onde manifesta a súa **gran condición de retratista**, cunha **grande calidade de execución e unha enorme minuciosidade** patente nos dez medallóns que rodean o espello con diminutas escenas da Pasión de Cristo, ou nos diversos obxectos que representan o interior dunha casa burguesa. Os Arnolfini son personaxes reais, mercaderes de Lucca, establecidos en Bruxas e seducidos pola pintura flamenca.

É un cadro que contén un complexo simbolismo, de difícil interpretación moi enigmático, falándose dunha **escena costumbrista pero tamén dunha alegoría do carácter sagrado do matrimonio e a maternidade** (imaxes do testigos no espello, estado de xestación da muller).

O tratamento das teas é outro rasgo a destacar, mostrándonos **a importancia e a riqueza economía da burguesía flamenca dos panos**, e que grazas ó óleo, **as formas adquiren unha consistencia e unha plasticidade notables** a través dos arrugados e profundos pregados. O estilo do autor defínese tamén nos tipos humanos, especialmente nos **rostros femeninos, de cara redonda algo brillante, máns finas e alongadas e leve inclinación da cabeza**.

**A preocupación polo espazo**, neste caso interior, **é evidente a través da imaxe deformada que reflicte o espello** (forma cóncava).

"*A Virxe do Chanceler Rolín*", de 1435, reflicte novamente **a importancia do retrato**, a través da figura masculina, do chanceler, importante personaxe da corte de Borgoña que encarga o cadro, no que destacan dous rasgos: **o amor pola paisaxe e a búsqueda da verdade nos retratos**, sobre todo no do chanceler.

Nun primeiro plano aparecen as figuras (a Virxe e o neno e o chanceler axionllado), onde destacan as **ricas vestimentas e bordados dos mantos nas que mostra unha gran técnica miniaturista. O rostro do chanceler reflicte a súa vellez a través das arrugas, e o da Virxe unha idealizante beleza**, seguindo os tipos femeninos do autor ( longos cabelos cardados, cara redonda e máns finas e alongadas), ofrecéndonos un **gran contraste entre ambas figuras**.

A amplitude da paisaxe de fondo é unha demostración asombrosa das posibilidades do autor neste terreo, falándose xa de **certa perspectiva atmosférica**, en claro contraste coa escena interior. Resalta a recurrencia a **elementos románicos nos arcos do fondo**, interpretándose como un símbolo do pasado (Antigo Testamento), e que **contrasta co detallismo dos capiteis e a cidade gótica do fondo**, representando o presente (Novo Testamento).

**Hieronymus van Aeken, El Bosco(1450-1516)**, é o outro gran pintor flamenco do século XV, casado cunha muller de familia acomodada, **foi un católico ortodoxo, membro dunha irmandade relixiosa local**, creencia que levou as súas obras con estranos e ocultos significados relixiosos. Na súa época gozou de gran fama e as súas pinturas foron colleccionadas polo rei de España Felipe II.

A súa obra máis importante é "*O tríptico do xardín das Delicias*", que **presenta en cada unha das súas tres taboas o mesmo esquema compositivo, dividindo o espazo escénico en tres franxas horizontais superpostas conseguindo unha gran profundidade**, establecendo en dúas delas a fonte como eixe de simetría.

**Na taboa da esquerda, representa o Paraíso, coa escena da Creación**, unha fonte cos animais e un fantasioso fondo montañoso. **Na taboa central, o Xardín terrenal**, superpóñense un grupo numeroso de homes e mulleres, os xinetes arredor do lago e o estanque do adulterio coas súas estranas fontes. **Finalmente, na taboa dereita, o Inferno** superpóñense as escenas irracionais de humanos cazados por animais, un putrefacto estanque con sorprendentes construcións e unha sórdida e escura paisaxe arquitectónica de fondo.

**As taboas central e dereita posúen un grande dinamismo** pola cantidade de personaxes e obxectos que se interrelacionan **mostrando unha magnífica galería de xestos e expresións, todos eles tratados con enorme minuciosidade. Un caos aparente que se opón á orde e equilibrio** que presenta a taboa do Paraíso.

**As cores e a luz están supeditados ó tema tratado en cada taboa** para reforzar a idea que quere transmitir en cada unha delas. **Así os tons verdes, brancos e amarelos predominan no Paraíso e na taboa central**, con escenas de gran claridade e serenidade **mentres que no Inferno usa sobre todo o negro, o vermello e tons opacos como o gris**, máis cercanos o medo e ó terror.

**O tríptico é unha alegoría do efímero dos praceres da vida e das terribles consecuencias que se derivan deles. Na taboa central o pintor escenifica un dos sete pecados capitais, a luxuria**, con homes e mulleres espidos en actitudes lascivas e sexuais, con presenza de frutas salvaxes, como as cereixas, uvas ou as fresas, símbolos desa luxuria. As mazás simbolizan os senos femininos e os peixes vincúlanse ó órgano fálico. Nun segundo plano, arredor do lago da Xuventude, xiran os vicios e no fondo represéntase o Estanque do Adulterio.

**Na taboa da esquerda represéntase o nacemento de Eva (orixe do pecado) e a súa presentación a Adán. Na taboa da dereita descríbese con minuciosidade o castigo no inferno**, habitado por criaturas grotescas e máquinas de tortura.

**Na parte exterior da taboa aparece a imaxe da creación do mundo** no seu terceiro día, dentro dunha esfera de cristal como símbolo da súa fragilidade.

**A minuciosa técnica e a precisión e delicadeza do trazo forma parte do estilo propio da escola pictórica flamenco**, e a temática da obra e a fantasía turbulenta e grotesca das súas imaxes ten a súa fonte nas súas conviccións relixiosas misturadas coa iconografía da cultura popular (Bestiarios medievais). De feito a súa orixinalidade nas composicións e nos personaxes influirá enormemente no movemento surrealista do s.XX.